

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA O 1º CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL DOCENTE. CURSO ACADÉMICO 2024-2025

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para a **elaboración de listas de substitución** de persoal docente nas áreas que se relacionan no anexo II.

Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (adiante LOSU) e, en tanto non se opoñan ao establecido nela, polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polo II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polos Estatutos da Universidade de Vigo e pola normativa do profesorado de substitución (aprobada por acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011 e modificada por acordo do 21 e 22 de marzo de 2013); e desenvolverase de acordo coas seguintes

### B A S E S

#### **Primeira. Requisitos de participación.**

1. De acordo cos artigos 56 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o artigo 79 da LOSU e demais normativa de aplicación, as persoas que desexen participar no presente concurso deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Finalmente, tamén poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os sesenta e cinco.
- c) Estar en posesión, como mínimo, do nivel de titulación esixido en cada unha das áreas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.
- d) Non ter sido separadas do servizo, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas. Quen sexa aspirante de nacionalidade distinta á española deberá acreditar non estar baixo sanción



disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións docentes.

2. Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de formalización dos contratos. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo e, de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

## **Segunda. Dereitos de exame.**

---

1. Os dereitos de exame para cada lista (LA2401) serán de **18,40 euros**. O pagamento deberá levar a cabo no prazo de presentación de instancias ao que fai referencia a base terceira. **A falta de pagamento dos dereitos de exame en prazo non é reparable e determinará a exclusión definitiva** do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención da citada taxa.

2. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación de inscrición, **podendo aboarse** o importe correspondente **ben en efectivo, ben con tarxeta**.

En efectivo poderase facer unicamente nalgunha das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Non será admisible o pagamento realizado a través de calquera outra entidade distinta das enumeradas.

Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática de inscrición, que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata súa finalización, comprobando que o pago foi feito correctamente.

3. Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas **certificacións que o acrediten**.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa as persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego. **As dúas condicións** deberán ser **certificadas pola oficina dos servizos públicos de emprego**.

4. De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable á persoa interesada.

## **Terceira. Prazo e proceso de presentación de instancias e de documentación**

---

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación é de **diez (10) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia**. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. Para solicitar a participación neste concurso, as persoas interesadas deberán cubrir previamente, para cada lista/referencia, e en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, o for-



mulario que se establecese especificamente e que estará dispoñible a través dos enlaces indicados no apartado "Observacións" da información electrónica desta convocatoria (accesible na web <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> filtrando por Tipo: "Concursos de profesorado" e empregando como palabra clave a referencia LA2401). Esta mesma aplicación permitirá levar a cabo a liquidación dos dereitos de exame á que se fai referencia na base segunda.

Durante o proceso de inscrición descrito anteriormente, achegaranse en **formato PDF** os seguintes documentos, sendo **causa de exclusión a falta dalgún deles**:

- a) Copia simple do documento acreditativo da **identidade** (DNI, NIE, pasaporte...).
- b) Copia simple do **título académico esixido** en cada lista de substitución, ou da certificación de expedición do título, ou, de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio competente.
- c) **Exención de taxas**: Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.

3. A solicitude xerada a través da inscrición anterior deberá ser presentada, en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), mediante o procedemento específico SPDI - 1º Concurso público para a elaboración de listas de substitución de persoal docente. Curso 2024-2025. De conformidade co disposto no artigo 16.8 da LPACAP, carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos ao indicado no punto anterior.

Xunto coa solicitude achegaranse na sede en **formato PDF** os seguintes documentos (o tamaño máximo de todo o conxunto de documentos é de 35 MB), sendo **causa de exclusión a falta dalgún deles**:

- a) **Curriculum vitae**, detallado de acordo co modelo oficial que figura no anexo III. Non serán valorados méritos que non estean incluídos en dito modelo de curriculum vitae ou ben non se xustifiquen documentalmente. **O arquivo** (en formato PDF e **refrendado coa sinatura electrónica da persoa concursante**) **deberá nomearse como `Curriculo_DNI_CodPraza.pdf`**.
- b) **Méritos**, que será o conxunto de documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados, incluído o coñecemento da lingua galega. Todos estes documentos deberán achegarse **nun único arquivo e seguindo a paxinación indicada no curriculum vitae e que se xerará segundo o establecido no anexo V**. **O arquivo** (en formato PDF) **deberá nomearse como `Xustifica_DNI_CodPraza.pdf`**.
- c) **Proxecto docente**, cunha **extensión máxima de 15 páxinas** e que versará sobre a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV). Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias da área á que figura adscrita a lista no anexo II. **O arquivo** (en formato PDF) **deberá nomearse como `Proxecto_DNI_CodPraza.pdf`**.

Todos os méritos alegados deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, **toda a documentación acreditativa dos méritos deberá achegarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.**

#### **Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.**

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase nos lugares indicados na base 9.2, a relación provisional de persoas admitidas e



excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá dun prazo de **cinco (5) días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER - Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da lista.

No suposto de que todas as persoas candidatas a unha mesma lista resulten admitidas nesta fase, as Comisións Específicas de Áreas poderán iniciar a valoración dos méritos de acordo coa base quinta.

2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

## **Quinta. Valoración dos méritos.**

---

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada lista no anexo IV, composta por cinco docentes da mesma área de coñecemento ou, no seu defecto, de áreas afíns á que está adscrita a lista, e con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á esixida para a lista. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En base ao previsto no artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador, poderá asistir á comisión, con voz e sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e dos traballadores.

2. A CEA poderá actuar coa participación, cando menos, de tres membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, de ser o caso, das persoas que a substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a presidencia será substituído polo membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3. O baremo para a cualificación de méritos será o establecido no anexo I.

4. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios.

5. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de dez (10) días hábiles para avaliar os méritos e achegar a lista de persoas aptas. De estimalo necesario, poderá acordar a realización de entrevistas. A comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

6. A CEA valorará exclusivamente os **méritos alegados** no curriculum vitae e **xustificados** do xeito que establece a base 3. A puntuación de cada mérito quedará reflectida nos apartados sombreados de dito modelo. Non se valorarán os méritos que non figuren no curriculum vitae ou non se xustifiquen documentalmente.

Avaliados os méritos das persoas candidatas, a comisión adoptará un acordo que constará de:

- a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.
- b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.



- c) Proposta de persoas declaradas aptas pola CEA para a súa inclusión na lista de substitución, ordenada segundo as puntuacións acadadas.

A comisión poderá acordar que ningunha candidata ou candidato é apta/o para a inclusión na lista de substitución, motivando esta decisión.

7. A expresión da **puntuación total** e mailo seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de persoas declaradas aptas. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao servizo de Persoal Docente e Investigador.

8. Coas persoas candidatas aptas que figuren na proposta da CEA constituiranse as listas de substitución, coa orde de prelación en que figuren para, no seu caso, proceder á cobertura de docencia vacante que por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario se produzan durante o curso académico.

9. De se produciren demoras inustificadas na tramitación do concurso dunha lista, imputables á CEA das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á CEA e acordará unha nova proposta de adxudicación.

## **Sexta. Publicación de candidatos/as aptos/as, chamamentos e formalización de contratos.**

---

1. A vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o concurso mediante a publicación das listas de candidatos/as aptos/as nos lugares previstos na base 9.2.

2. Producida a necesidade docente nunha das áreas do presente concurso, a vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o pedimento do Departamento correspondente establecendo a data prevista de inicio do contrato.

3. O servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que acepte ou rexeite a oferta. En caso de aceptala, deberá achegar no prazo que se lle indique copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato, e leve a cabo calquera outra actuación precisa para o mesmo fin.

De non levar a cabo esas actuacións no prazo indicado polo Servizo sen mediar causa suficiente así apreciada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na lista de garda. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

## **Sétima. Reclamacións.**

---

1. Contra os acordos polos que se publican as listas de candidatos/as aptos/as, as persoas candidatas admitidas **poderán interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER - Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da lista.

**En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder con carácter previo ao expediente** de conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015 e cos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Recibidas e publicadas todas as propostas de adjudicación das comisións específicas de área e rematado o prazo para a presentación de reclamacións, publicarase o anuncio de prazas reclamadas.

2. Estas reclamacións non terán efecto suspensivo, polo que malia presentarse algunha, e en tanto non se resolva, poderase contratar á persoa candidata proposta, se ben incluíndo no contrato unha **cláusula extintiva** condicionada á resolución da reclamación.

Resolta definitivamente a reclamación, de confirmarse a candidatura proposta, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación da nova persoa proposta, sen que, neste caso, o novo contrato poida ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

3. O acordo da Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado será vinculante para o reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamasen.

## **Oitava. Condicións dos contratos e obrigas.**

---

1. A dedicación e a duración do contrato corresponderanse coas necesidades de docencia sobrevidas durante o curso académico. En todo caso, o contrato non poderá ter unha duración superior á data de finalización do curso académico para o que se produce a contratación. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan no II Convenio colectivo do PDI.

2. A prestación de servizos, e polo tanto o devengo das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis meses e considerarase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. O profesorado contratado de substitución estará sometido á normativa de incompatibilidades. Consonante ao disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de **incompatibilidades** do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de profesor/a contratado/a de substitución **non serán compatibles con outra actividade no sector público, agás os casos establecidos para contratos a tempo parcial** no seu artigo 4.2.

## **Novena. Norma derradeira.**

---

1. As listas de substitución xeradas pola presente convocatoria terán vixencia durante o curso académico **2024/2025**. Excepcionalmente, de conformidade co Acordo do Consello de Goberno do 21 e 22 de marzo de 2013, a Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP), a petición dos departamentos, poderá acordar estender a súa vixencia ata o curso académico **2026/2027**.

2. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo, servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo no repositorio de convocatorias da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>.

3. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015.



A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano ao que compete resolver, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiras persoas a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a pedimento deste, a súa execución consonte ao legalmente establecido.

**4.** As persoas participantes están obrigadas a facilitar aqueles datos e información que a Administración esixa para a tramitación e instrución deste procedemento e, en caso de non o facelo, excluíranse do proceso selectivo.

De conformidade co artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección de persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais que figuren nos ditos documentos serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, co propósito de xestionar a tramitación deste concurso, ao abeiro da LPACAP, a LOSU e os Estatutos da Universidade de Vigo.

De conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos da publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicarlle esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)).

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a opoñerse a este tratamento e a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanse exercer a través de calquera dos medios e vías previstos na súa política de protección de datos (dispoñible en <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>), incluído o envío ao seu delegado de protección de datos a través do correo electrónico [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal).

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

O REITOR,  
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)  
O vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica  
(asinado dixitalmente)

